



ORGANO COLEXIADO: Pleno Corporativo.

Nº DE SESIÓN: 13/2018

CARÁCTER: Extraordinaria

ANUNCIO

Con data 6 de novembro de 2018, o Sr.Alcalde ditou resolución co tenor literal que se indica:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO

De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais.

Motívase a celebración de Pleno extraordinario á vista da necesidade de proceder á aprobación de Suplemento de Crédito 1/2018 (Modificación de Créditos 26/2018) para atender a gastos de persoal pendentes de tramitación por falta de crédito nas correspondentes áreas.

Á vista do exposto anteriormente, esta Alcaldía, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Convocar Sesión Extraordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o vindeiro venres, día 9 de novembro ás 09:00 horas, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte ORDE DO DÍA e de conformidade coa motivación indicada na parte expositiva desta resolución:

ORDE DO DÍA

A) Parte resolutiva:

Único.- Expediente 2756/2018. Proposta de Alcaldía, de data 6 de novembro 2018 , de aprobación de expediente de Suplemento de Crédito 1/2018 (Modificación de Créditos 26/2018).

SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



TERCEIRO.- Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso."

O que se comunica para coñecemento e efectos.

O Alcalde, Carlos Vázquez Padín.